

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A POXA, POR PROCEDIMENTO ABERTO, PARA Á ADXUDICACIÓN DOS POSTOS DE VENDA DE ALIMENTOS NO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS DO CONCELLO DE PONTE CALDELAS.

CAPÍTULO I.- OBXECTO.

Artigo 1. Obxecto.

É obxecto do presente prego de condicións a adxudicación por poxa e por procedemento aberto dos postos de venda de alimentos no Mercado Municipal de Abastos que figuran no Proxecto da concesión, inmovible de dominio público, propiedade do Concello de Ponte Caldelas.

Os postos adxudicaranse en réxime de concesión , salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de dereito de terceiros.

CAPÍTULO II. TIPO DE LICITACIÓN.

Artigo 2. Tipo de licitación.

O tipo de licitación para cada posto será o que se recolle no anexo I do presente prego. A mellora sobre ditos prezos será á alza, sen que se admitan proposicións por contía inferior ao mesmo.

CAPÍTULO III. CONDICIÓNS TÉCNICAS.

Artigo 3. Situación.

Os espazos que con destino a comercio polo miúdo de venda de alimentos no Mercado Municipal de Abastos de Ponte Caldelas aparecen sinalados no plano que se xunta no Proxecto da Concesión e que se relacionan como segue:

- 5 postos na bancada central do Mercado de peixe, froitas e verduras identificados como C3, C4, C5, C6, e C7 cunha superficie de $1,08 \times 2,04 = 2,20$ metros cadrados cada un.
- 1 posto pechado no lateral do Mercado identificado como L3 cunha superficie de $6,18 \times 2,55 = 15,76$ metros cadrados.

Artigo 4. Obras e instalacións adicionais.

Os adxudicatarios deberán realizar, ó seu cargo, as obras e instalacións precisas para o normal funcionamento do seu negocio, previa autorización do Concello, e seguindo as normas xerais que ó respecto se diten. Así mesmo virán obrigados a satisfacer igualmente as demais taxas, impostos e gastos que resulten de aplicación.

Vencido no prazo da concesión, os concesionarios cesarán na utilización privativa dos bens obxecto da concesión, e as obras, instalacións e explotación dos postos revertirán automaticamente o Concello libre de cargas.

CAPÍTULO III. CONDICIÓN XURÍDICAS.

Artigo 5. Obrigas do adxudicatario.

Ademais das obrigas fixadas na Ordenanza nº 2, Reguladora do Servizo Municipal do Mercado de Abastos do Concello de Ponte Caldelas (en concreto os artigos 5 e 38), esixirase ós adxudicatarios as seguintes:

- a) Os adxudicatarios iniciarán o exercicio da súa actividade nun prazo máximo de 3 meses desde a súa adxudicación.
- b) Cumprir o resto das obrigas contidas nos presentes Pregos, así como as que dimanen dos Regulamentos e normativa ditada polo Concello.
- c) Aboar o canon anual establecido na Ordenanza reguladora da Taxa do Mercado do Concello de Ponte Caldelas polo importe de 663,32 € no caso do posto L3 e 94,75 € no caso dos restantes postos.

Artigo 6. Exclusividade das operacións.

Os postos adxudicados soamente poderán ser utilizados para exercer a actividade de venda dos produtos para os que foron adxudicados, con expresa prohibición de realizar calquera operación doutra índole, sen autorización escrita do Concello.

O Concello reservase a facultade de inspeccionar o ben obxecto de autorización, para garantir que o mesmo é usado dacordo cos términos da autorización.

O cambio de especialidade funcional estará suxeito a licencia, o que non excluírá a solicitude de cantos permisos sexan pertinentes para a reapertura da nova actividade.

Artigo 7. Material e instalacións.

- a) Os adxudicatarios deberán incorporar ó posto para o exercicio da actividade os útiles de traballo necesarios para a mellor prestación do servizo, poderán tamén facer uso de "cámara frigorífica común" con que conta o propio Mercado.
- b) Ó extinguirse a autorización, os adxudicatarios poderán retirar os útiles por eles incorporados, que sexan separables, e sempre que non implique detrimento ou deterioro do posto. Tamén terán que retirar todos aqueles que o Concello estime conveniente, podendo, no caso contrario, ser retirados a costa do adxudicatario.

Artigo 8. Conservación do posto.

O adxudicatario está obrigado a manter o posto e as súas instalacións en bo estado de conservación, debendo efectuar tódalas reparacións necesarias pola súa conta. As paredes, paramentos, teitos, chans e demais elementos arquitectónicos dos postos devolveranse ó extinguirse a concesión en igual estado que o recibiron. Os gastos de mantemento e conservación correrán por conta do adxudicatario.

Artigo 9. Termo da autorización.

O prazo da concesión administrativa será de vinte anos.

A autorización do posto para a explotación do negocio de venda de alimentos que se concede extingúese polas causas fixadas no artigo 32 da Ordenanza nº 2, Reguladora do Servizo Municipal do Mercado de Abastos do Concello de Ponte Caldelas.

Artigo 10. Réxime disciplinario.

Os adxudicatarios quedarán sometidos ó réxime disciplinario establecido na Ordenanza nº 2, Reguladora do Servizo Municipal do Mercado de Abastos do Concello de Ponte Caldelas.

CAPÍTULO IV. CONDICIÓNS DA POXA.

Artigo 11. Concorrentes.

Poderán tomar parte da poxa as persoas naturais ou xurídicas interesadas, que se atopen en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar e non estean comprendidas en ningún dos casos de incapacidade e incompatibilidade sinalados na lexislación de contratos do Sector Público e demais disposicións legais de aplicación e particularmente previstas na Ordenanza nº 2, Reguladora do Servizo Municipal do Mercado de Abastos do Concello de Ponte Caldelas.

Artigo 12. Contido das proposicións.

As proposicións para tomar parte nesta poxa, presentaranse en dous sobres pechados precintados, firmados polo licitador e con indicación do domicilio a efectos de notificacións, así como teléfono, fax e dirección de correo electrónico, e nos que se fará constar a denominación do sobre e a inscrición: "Proposición para tomar parte na poxa, por procedemento aberto, para a adxudicación de postos de venda de alimentos na Praza de Abastos de Ponte Caldelas".

A denominación dos sobres será a seguinte:

- Sobre "A": Documentación administrativa.
- Sobre "B": Proposición Económica.

De igual modo, as ofertas poderán ser presentadas por correo. Neste caso, o solicitante deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día. Sen a concurrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a documentación se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora da terminación do prazo sinalado no anuncio.

Transcorridos, non obstante, dez días seguintes á indicada data sen recibirse a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

Dentro de cada sobre incluíranse os seguintes documentos:

Sobre "A": Documentación administrativa

- Tratándose de persoas físicas: Fotocopia compulsada do D.N.I. correspondente ó solicitante ou ó apoderado, no caso de que actúe no nome dun terceiro ou dunha sociedade e do Número de identificación fiscal.
- Tratándose de persoas xurídicas: Escritura de constitución ou modificación inscrita no Rexistro Mercantil, sendo suficiente, no caso de empresas extranxeiras pertencentes a Estados membros da Comunidade Europea, acreditar a súa inscrición nun rexistro profesional ou comercial canto tal requisito sexa esixido pola lexislación do Estado respectivo.

A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

- Poder bastante no caso de que se actúe por medio de apoderado. Este mandato, como en xeral os documentos acreditativos da personalidade, serán bastanteados polo Secretario do Concello.
- Breve memoria da actividade comercial que desenrolará o solicitante.
- Declaración xurada na que o licitador afirme baixo a súa responsabilidade que non se está incurso en ningunha das causas de incapacidade ou imposibilidade para contratar coa Administración a que se refire o artigo 60 do TRLCSP, conforme o Anexo II.
- Declaración xurada de atoparse ó corrente nas obrigas tributarias e da Seguridade Social, que deberá xustificarse no prazo de 5 días hábiles que se outorgarán ós que vaian a ser adxudicatarios con anterioridade á adxudicación.

Sobre “B”: Proposición Económica.

- Proposta económica asinada na que concretará o tipo económico do posto e que en ningún caso será inferior a 1225,00 € no caso do posto L3 e 125,00 € no caso dos postos C3, C4, C5, C6, e C7. Esta proposta redactarase segundo o modelo que se xunta as presentes bases no Anexo III. Nesta proposta tamén se consignará claramente o posto ou postos ós que presenta oferta.

A falta de calquera dos anteriores requisitos poderá ser causa para que a Mesa de Contratación exclúa o solicitante.

Artigo 13. Garantías.

Os adxudicatarios responderán da responsabilidade derivada da ocupación, polo que efectuado o requirimento aos licitadores que teñan presentado as ofertas economicamente máis vantaxosas, estes estarán obrigados a constituír, no prazo máximo de **10 días hábiles** dende que teña recibido aquel, unha garantía definitiva do 5 por 100 (cinco por cento) do importe de adxudicación, IVE excluído.

A garantía poderá constituírse en calquera das formas establecidas no artigo 96 do TRLCSP, cos requisitos establecidos no art. 55 e seguintes do RX ou mediante a garantía global cos requisitos establecidos no art. 98 do TRLCSP.

De non cumprir este requisito por causas imputables a el mesmo, a Administración non efectuará a adxudicación ao seu favor, entendendo que desiste da oferta, e procederase a solicitar a documentación do licitador clasificado a continuación según se indica no artigo 151.2 do TRLCSP.

Artigo 14. Forma de licitación e condicións de pagamento.

- a) A adxudicación farase por procedemento aberto e por poxa.

- b) O pago do prezo ofertado farase efectivo da seguinte maneira:
- . O 60 % no prazo de 10 días hábiles a contar dende o seguinte ao de notificación do acordo de adjudicación e antes da formalización do contrato.
 - . O 40 % restante dentro dos 21 días seguintes a partir da data anterior.

Artigo 15. Presentación de proposicións.

O prazo de presentación das presentacións será de 30 días hábiles contados a partir da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia. A licitación tamén se publicará no perfil do contratante e na web www.pontecaldelas.org.

Os sobres presentaranse no Rexistro Xeral de Entrada do Concello (**Avenida de Galicia, 17, 36.820, Ponte Caldelas, Telf. 986 750001; 986 750013; fax 986 750020**); ou ben en calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, dando ao presentador como acreditación recibo no que constará o nome do licitador, a denominación do obxecto do contrato e o día e hora da presentación.

Artigo 16. Apertura de plicas.

O acto de apertura da documentación administrativa (sobre A) celébrase no Salón de Sesións do Concello, ás 13 horas do 3º día hábil seguinte, non sábado, do de finalización do prazo de presentación de proposicións, ante a Mesa composta polo Alcalde-Presidente da Corporación ou Concelleiro en quen delegue, o Secretario, a Interventora municipal, o Técnico de cultura e un funcionario designado pola Alcaldía como vogais, e como Secretario un funcionario municipal a designar pola Alcaldía.

Constituída a Mesa de Contratación procederase á apertura dos sobres da documentación administrativa. No caso de que existan deficiencias subsanables na documentación presentada concederase un prazo de 3 días para a subsanación.

O mesmo día da apertura da documentación citada ou o día seguinte de finalización do prazo de subsanación establecido no párrafo anterior a Mesa procederá á apertura dos sobres que conteñen a oferta económica (sobre B), acto que será público.

Seguidamente procederase a efectuar a declaración de oferta máis ventaxosa a favor das proposicións máis vantaxosas e de conformidade coas normas que rexen en materia de poxas na lexislación de réxime local.

En caso de empate na proposición económica primará o feito de que o produto a vender non este presente na actual oferta do Mercado. De persistir o empate decidirase por sorteo.

O órgano de contratación requirirá aos licitadores que presentasen as ofertas economicamente máis ventaxosas para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que recibira o requirimento, presente a documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Ponte Caldelas e constitúan a garantía definitiva.

A adxudicación efectuarase dentro dos 5 días hábiles seguintes á recepción da documentación, notificándose aos licitadores e simultaneamente publicarase no perfil do contratante.

Artigo 17. Formalización.

O contrato formalizarase en documento administrativo dentro dos 15 días hábiles seguintes a aquel en que reciba a notificación de adxudicación por parte dos licitadores.

Con carácter previo, os adxudicatarios dos postos procederán ó abono dos dereitos de entrada na forma prevista no artigo 14 deste prego de condicións e a presentación da documentación requerida no artigo 6 da Ordenanza nº 2 reguladora do servizo municipal de mercado de abastos.

Artigo 18. Adxudicación directa dos postos.

Se celebrada a subasta, quedasen sen adxudicar postos ou a adxudicación resultase fallida polo incumprimento das obrigas por parte dos adxudicatarios, a Alcaldía poderá adxudicar ditos postos no prazo dun ano dende a adxudicación e mentres non se anuncie ou resolva o procedemento de licitación para a súa adxudicación por concurso de acordo cos artigos 93 e 137.4.d) da Lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas.

Neste suposto os adxudicatarios deberán cumprir os mesmos requisitos establecidos neste Prego e na Ordenanza reguladora do mercado de abastos que os demais adxudicatarios.

Artigo 19. Obrigacións das partes.

Os adxudicatarios e o Concello de Ponte Caldelas obriganse a cumprir expresamente as obrigas que se deriven do Regulamento do Servizo municipal do Mercado de Abastos do Concello, no que se regula o uso e utilización dos postos.

Artigo 20. Dereito aplicable.

En tódalas cuestións non previstas no presente prego de condicións, e nas disposicións nel enumeradas, o adxudicatario quedará suxeito á seguinte normativa: Ordenanza nº 2, Reguladora do Servizo Municipal do Mercado de Abastos do Concello de Ponte Caldelas, normas específicas que sexan ditadas polo Concello, Lexislación de Réxime Local e subsidiariamente lexislación do Estado que sexa de aplicación.

Ponte Caldelas a 2 de maio de 2013.

O Alcalde.

Perfecto Rodríguez Muíños



ANEXO I

MERCADO DE ABASTOS PONTE CALDELAS

Tipo de licitación concesión: 1.225,00 €

POSTO	ACTIVIDADE
L3	Sen determinar

Tipo de licitación concesión: 125,00 €

POSTO	ACTIVIDADE
C3	peixe, froitas e verduras
C4	peixe, froitas e verduras
C5	peixe, froitas e verduras
C6	peixe, froitas e verduras
C7	peixe, froitas e verduras

ANEXO II

Don/a....., con DNI....., en nome propio ou en representación da empresa....., con domicilio fiscal en localidade....., provincia.....e CIF....., telefono.....

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que posee plena capacidade de obrar e non se atopa incurso nas prohibicións que establece o artigo 60 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Así mesmo e aos efectos oportunos declara non estar incurso nos supostos previstos na normativa sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, así como atoparse ao corrente co cumprimento das obrigas tributarias e de Seguridade Social.

Ena.....de.....de.....


Sinatura.

ANEXO III

MODELO PROPOSICIÓN ECONÓMICA.

D/dna _____ con DNI, e domicilio en _____ obrando en
nome propio (ou en representación de): _____ informado do prego de cláusulas
administrativas particulares aprobado polo Concello de Ponte Caldelas para rexer na
adxudicación por procedemento aberto e poxa dos postos de venda de alimentos no Mercado
Municipal de Abastos, acepta de forma incondicionada as cláusulas de dito prego, declara
baixo a súa responsabilidade que reúne todas as condicións esixidas para contratar coa
administración pública, E OFRECE POLO POSTO Nº..... O PREZO DE
CONCESIÓN.....
(en letra e en número)

(data e sinatura):



PLANO ANEXO E 1:100

